

LIMIAR

Nos inicios do pasado século XX tecíanse relacións fecundas entre os máis relevantes valores da Galiza. Relacións que darían lugar a iniciativas de grande e decisiva importancia, caso das *Hirmandades dos Amigos da Fala*. Unha organización que, desde o seu nacemento na primavera do 1916, reivindicaría a identidade nacional da Galiza, a partir da defensa do idioma propio do noso país nun tempo no que a lingua galega ficaba fóra da legalidade (española) imperante.

Na presente monografía apréséntase unha ampla visión do que foron e representaron as coñecidas, popularmente, como *Irmandades da Fala*; partindo do contexto no que estas foron creadas e no que agromaron de xeito vizoso. E facémolo como homenaxe ás 'Irmandades' no marco do centenario da creación das mesmas (1916-2016).

Así, pois, o investigador Dionísio Pereira e o profesor da Universidade da Coruña Carlos Velasco Souto referen, respectivamente, a realidade que se vivía no mundo do traballo fabril e no do agro na Galiza do tempo das *Irmandades*. A profesora da Universidade da Coruña María Pilar García Negro introdúcenos na figura de Ramón Vilar Ponte e na súa significación no relativo á loita pola defensa da lingua galega, para o catedrático emérito da Universidade de Santiago de Compostela Justo Beramendi tracexar unha síntese histórica do percorrido e evolución das *Irmandades* entre o seu nacemento até a I Asemblea Nacionalista de Lugo. O profesor da Universidade da Coruña Uxío-Breogán Diéguez realiza un percorrido pola vida e iniciativas máis significativas das *Irmandades da Fala* e os investigadores e docentes Xoán Carlos Garrido e Xesús Torres analizan desde a perspectiva local a dinámica das *Irmandades da Fala*, respectivamente con epicentro nos concellos da Estrada e de Betanzos. Aliás, Aurora Marco, catedrática da Universidade de Santiago de Compostela, achéganos á presenza feminina nas *Irmandades da Fala* arredor da tan activa militante das mesmas Amparo López Jean. Por último, o investigador e musicólogo Moncho do Orzán presenta o centenario da agrupación folclórica "Cántigas da Terra" e a súa íntima ligazón, ao igual que outras agrupacións semellantes das que versa, coas *Irmandades da Fala*; para o investigador e profesor de ensino secundario Henrique Rabuñal afondar na realidade teatral xerada e participada polas *Irmandades*.

Agardamos, pois, contribuír a socializar unha panorámica o máis ampla posíbel de como se xestaron e o que representaron as *Irmandades da Fala* diante do seu centenario. Socializar, aliás, que programa socio-político e cultural ergueron e defenderon

as *Irmandades*, cal foi o seu modelo organizativo e o seu axir, cales foron as diferenzas internas que amosaron e onde situaron o común denominador sen o que non se terían creado as *Irmandades da Fala*: a loita pola visibilización da nación galega, a partir da defensa do idioma propio, en todos os planos nos que esta debía de se manifestar como tal; pulando ao tempo polo recoñecemento da Galiza como suxeito político.